



O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CONVOCA UN EXAME NO MEDIO DA SEXTA OLA PROVOCADA POLA COVID-19 E NON OFRECE ALTERNATIVAS ÁS POSIBLES PERSOAS CONTAXIADAS

- **O Concello de Santiago decide convocar o exame ao proceso selectivo para unha listaxe de agarda de Traballo Social, máis de seis meses despois do seu anuncio e en plena sexta ola.**
- **Esta administración pública apela unicamente a non asistir ao exame no caso de ser positivo sen ofrecer máis alternativa que a exclusión neste proceso**

No día de mañá, 5 de xaneiro e en plena sexta ola da pandemia e coa Comunidade Autónoma de Galicia rexistrando máximos históricos de incidencia por COVID-19, celebrarase o segundo exame do proceso selectivo da convocatoria para unha listaxe de agarda de traballadoras e traballadores sociais do Concello de Santiago de Compostela.

Pese a que a convocatoria foi anunciada en maio, non se procedeu á realización do primeiro exame ata o pasado 16 de decembro, cando xa a situación a nivel sanitario comezaba a ser preocupante.

Dende o COTSG, tras recibir varias queixas dalgunhas persoas aspirantes, queren mostrar a súa desconformidade co feito de que estas bases, pese a atoparnos nunha situación de pandemia, non contemplaron ningunha alternativa para as persoas que teñen que gardar corentena e non poden asistir a ese segundo exame, deixando así como única solución que as persoas participantes contaxiadas queden eliminadas do proceso selectivo.

É esencial que as Administracións Públicas velen pola saúde da cidadanía, polo que o Colexio de Traballo Social de Galicia exige de que neste proceso selectivo e nos seguintes, mentres sigamos na situación epidemiolóxica actual, se inclúan alternativas para as persoas que poidan estar afectadas pola COVID-19 ou persoas de alto risco.

Establecer as medidas e alternativas oportunas ante a situación actual non é unha cuestión de responsabilidade individual das persoas opositoras, que xa de por si, afrontan un proceso duro e baixo presión, é unha cuestión de saúde pública da que, por suposto, teñen plena responsabilidade as administracións públicas e deben ser elas as que expoñan alternativas máis alá de que as persoas contaxiadas sexan excluídas do proceso selectivo.

Gabinete de Comunicación do COTSG

604 07 63 63